

Terceira.-O persoal de urxencias de atención primaria non integrado ata esta data, poderá integrarse nas prazas que se transformen de novo modelo de atención primaria.

Cuarta.-Aplicaráselle ao persoal de xestión e servizos de PAC que realice traballo a quendas a xornada prevista no acordo de concertación social.

Por outra banda, no seo da comisión de seguimento realizarase unha revisión das actuais dotacións de persoal non sanitario nos PAC.

Quinta.-A Consellería de Sanidade propondrá a modificación das normas contidas nos decretos 226/1996, do 25 de abril, sobre réxime retributivo de atención primaria e no Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias, que resultan afectadas ou modificadas polo contido deste acordo.

Sexta.-Este acordo remitirase á oficina pública a que fai referencia a Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical.

Disposición derradeira

Este acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 27 de maio de 2005 pola que se regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa, e se establece o procedemento para a autorización.

O Regulamento (CEE) nº 2847/93, do Consello, do 12 de outubro de 1993 e as súas posteriores modificacións, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduce no seu título II, control de capturas, artigo 13, a obriga de que todos os produtos da pesca desembarcados ou importados na comunidade, e para os que non presentaran unha nota de venda, nin unha declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do desembarque ou importación, deberán ir acompañados dun documento ata que se efectúa a primeira venda.

No artigo 9 do citado Regulamento 2847/1993 establécese que cando os produtos non se poñan á venda ou se destinen a unha venda posterior deberán presentar ás autoridades competentes unha declaración de recollida.

Estes regulamentos trasládanse parcialmente á lexislación nacional, co obxecto de establecer a normativa básica en materia de ordenación do sector

pesqueiro que atribúe ao Estado o artigo 149.1.19ª da Constitución mediante o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, que ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros con ocasión do desembarque e descarga no territorio nacional, incluíndo as importacións, para produtos da pesca, do marisqueo ou acuicultura, vivos, frescos, refrixerados, conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo, ou en instalacións da acuicultura, envasados ou non.

Este real decreto establece no seu artigo 2 que os produtos pesqueiros só poderán ser descargados nos portos delimitados polas comunidades autónomas, e nos peiraos o lugares designados polas autoridades portuarias.

No seu artigo 3.B) di que a primeira venda de determinados produtos conxelados, ultraconxelados o transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura realizarase nos centros o establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

Ademais e dado o carácter de recurso da flora mariña e o auxe no consumo que existe destes produtos é necesario regular tamén a primeira venda da mesma, ao igual que o real decreto antes citado.

O Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, regula no ámbito da comunidade autónoma a descarga e primeira venda dos produtos da pesca que se leva a cabo nas lonxas ou centros de venda autorizados.

Pero a nivel da comunidade autónoma non está regulada a primeira venda dos recursos pesqueiros dos que non é obrigada a súa primeira venda en lonxa; e dada a importancia da comercialización destes produtos e, que tanto a nivel da Comunidade Europea como a nivel nacional, está recollida, é preciso regular no noso ámbito esta actividade.

De acordo co anteriormente disposto, logo da consulta aos sectores pesqueiro e comercializador afectados, e en virtude das facultades que teño conferidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

O obxecto desta orde é regular, no ámbito territorial da comunidade autónoma, a descarga e transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada dita venda na lonxa, incluíndo a flora mariña.

Para os efectos do disposto nesta orde, establécese o procedemento de autorización dos establecementos ou centros que realicen, ou pretendan realizar a primeira venda dos ditos produtos.

Artigo 2º.-Lugar de desembarque e descarga.

Os produtos pesqueiros conxelados ou ultraconxelados, transformados ou non, e os produtos da acuicultura serán desembarcados nos portos designados pola consellería competente en materia pesqueira, e nos peiraos ou lugares delimitados polas autoridades portuarias.

No caso, de que non sexan desembarcados en porto, serán descargados nos lugares autorizados pola consellería competente en materia pesqueira.

Artigo 3º.-Solicitud de autorización.

Establecementos. Aqueles centros ou establecementos que realicen ou pretendan realizar primeira venda de produtos da acuicultura que non son obxecto de venda en lonxa, produtos conxelados, ultraconxelados ou transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura, deberán solicitar a correspondente autorización á consellería competente en materia pesqueira, segundo o modelo do anexo I desta orde.

Xunto coa solicitude establecida no anexo I, presentárase a solicitude de alta no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias segundo o establecido no Decreto 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de Rexistro de Buques e de Empresas Halioalimentarias, cando non estea xa inscrito.

Calquera cambio nas condicións sinaladas na solicitude deberá ser comunicado á consellería competente en materia pesqueira.

Artigo 4º.-Requisitos dos establecementos.

Para os efectos desta orde, todas as empresas ou centros onde se realicen primeiras vendas deberán figurar no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias regulado polo decreto da Xunta de Galicia 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de Rexistro de Buques e de Empresas Halioalimentarias.

Ademais deberán dispoñer de equipos informáticos suficientes e adecuados para a obtención e transmisión á consellería competente en materia pesqueira, de todas as transaccións efectuadas en primeira venda.

Artigo 5º.-Prazo de solicitude.

Aqueles que efectúen na actualidade primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas obxecto desta orde terán un prazo de 60 días naturais para solicitar a autorización, a partir do día seguinte da entrada en vigor da mesma.

As solicitudes poderán presentarse nos lugares establecidos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para resolver será de 3 meses dende o día seguinte á presentación de solicitudes. A non notificación da resolución no prazo máximo para resolver entenderase estimada por silencio administrativo.

Artigo 6º.-Resolución.

A resolución de autorización correspóndelle ao conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, que poderá delegar a competencia no director xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

En todo caso, a dita resolución pon fin á vía administrativa.

Artigo 7º.-Transmisión de datos.

O propietario da embarcación, ou seu representante autorizado, conforme o artigo 3 desta orde, enviará os datos das transaccións efectuadas, en primeira venda, á consellería competente en materia pesqueira, segundo o establecido na normativa reguladora vixente.

Artigo 8º.-Declaración de recollida.

Aqueles produtos pesqueiros conxelados ou ultraconxelados, ou da acuicultura, transformados ou non, que sexan desembarcados o descargados, e non se poñan á venda, ou se poñan con posterioridade, o seu propietario ou representante cubrirá o documento declaración de recollida, sendo responsable da súa presentación ante a consellería competente en materia pesqueira.

A declaración de recollida deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

a) Denominación comercial e científica de cada especie, zona xeográfica de captura o cría, segundo o Regulamento comunitario 2065/2001, da Comisión.

b) Para cada especie, o peso desagregado por cada forma de presentación do produto.

c) O nome, marcas de identificación externa, e pavillón do buque pesqueiro para os produtos desembarcados de buques comunitarios, e o número interno que figura no rexistro comunitario de buques de pesca, se é o caso.

d) O nome, marcas de identificación externa, o indicativo internacional de raio e pavillón do buque pesqueiro para os produtos capturados por buques de terceiros países.

e) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

f) O porto e a data de desembarco ou lugar e data de importación ou lugar e data de descarga.

g) O lugar ou lugares onde estean almacenados os produtos.

h) Se é o caso, referencia o documento de transporte o documento DUA, ou EUR 1, no que consten as cantidades transportadas.

Cando a comercialización sexa obxecto dun prezo contractual o un prezo a tanto alzado, fixado para un período determinado, o propietario dos produtos, ou o seu representante deberá cubrir tamén este documento.

Artigo 9º.-Documento de transporte.

Os produtos pesqueiros e acuícolas obxecto desta orde que non fosen vendidos, nin se fixera a declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do desembarco ou de descarga, deberán ir acompañados ata o lugar de venda, almacenamento ou transformación, dun documento de transporte.

O propietario da mercadoría ou o seu representante autorizados conforme o artigo 3º emitirán un documento de transporte, que acompañará ao produto en todo momento ata a primeira venda, do que deberá remitir unha copia á consellería competente en materia pesqueira, e que conterá os seguintes datos e o formato do anexo II:

a) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque pesqueiro para os produtos desembarcados procedentes de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no rexistro comunitario de buques de pesca, se é o caso.

b) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de raio e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques de terceiros países.

c) No caso de importacións que non se realicen por barco, o lugar donde se realizou a importación, segundo o establecido no artigo 13.2º a) do Regulamento comunitario 2847/1993, do consello.

d) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

e) O nome do consignatario, o lugar e data da carga.

f) O lugar de destino do produto e a identificación do vehículo de transporte.

g) As cantidades de peixe de cada especie transportadas expresadas, se é o caso, en kg de peso transformado, a denominación científica e comercial de cada especie, e zona xeográfica de captura ou cría segundo o Regulamento 2065/2001, da comisión, do 21 de outubro.

O transportista entregará unha copia do documento de transporte á persoa responsable do centro de destino a que comprobará a veracidade do mesmo.

Segundo o establecido no Regulamento comunitario 2847/1993, do 12 de outubro, este documento poderá ser substituído por algún dos seguintes documentos, dos que será remitida unha copia á consellería competente en materia pesqueira, no prazo de 48 horas desde o desembarque.

-Por unha copia da declaración de desembarco na que consten, como mínimo, as cantidades desembarcadas, de cada unha das especies, así como, a zona da captura das mesmas.

-Por unha copia do documento T2M, no que conste a orixe das cantidades transportadas.

Artigo 10º

Tanto o documento de transporte, como a declaración de recollida, serán remitidos á consellería competente en materia pesqueira no prazo de 48 horas desde a súa emisión.

A consellería competente en materia pesqueira adxudicará unha clave, xunto coa autorización, que permitirá a emisión destes documentos de forma informática, o que eximirá da presentación documental establecida neste artigo.

Artigo 11º

Cando os produtos pesqueiros e acuícolas foron vendidos, e se transportan a outro lugar, o transportista deberá poder probar, en todo momento, a transacción efectuada, mediante nota de venda, albará ou outro documento que o acredite, incluída a factura.

Disposicións adicionais

Primeira.-As infraccións ao disposto nesta orde serán obxecto de sanción, de acordo coa Lei 8/2004, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección dos recursos marítimo-pesqueiros.

Segunda.-Para os efectos desta orde, considérase primeira venda a que se realiza por primeira vez dentro do territorio da Unión Europea e na que se acredite documentalmente o prezo do produto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos 60 días seguintes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2005.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I

**Solicitud de autorización de centro ou establecemento de venda de produtos pesqueiros
que non sexan obxecto de primeira venda en lonxa**

NOME/RAZÓN SOCIAL:		CIF/NIF:	
ENDEREZO:		LOCALIDADE:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	FAX:

E NA SÚA REPRESENTACIÓN:

APELIDOS	NOME	DNI
DOMICILIO		

Tipo de produtos para os que solicita a autorización:

• Conxelados e ultraconxelados	<input type="checkbox"/>
• Transformados	<input type="checkbox"/>
• Acuicultura	<input type="checkbox"/>
• Algas	<input type="checkbox"/>

EXPÓN: que ao amparo da orde que regula a primeira venda e autorización dos establecementos e centros dedicados a peixe conxelado ultraconxelado, transformados ou non.

SOLICITO:

Que logo dos trámites oportunos me sexa concedida a autorización para poder realizar a primeira venda dos produtos regulados na Orde de de 2005.

ANEXO II



DOCUMENTO DE TRANSPORTE
DOCUMENTO DE TRANSPORTE

NºSERIE
NºSERIE:

Porto de descarga/Puerto de descarga:		Data da descarga/Fecha de la descarga:	
Entidade responsable/Entidad responsable:		CIF/CIF :	
Enderezo/Dirección:		Teléfono/Télefono:	
Lugar de procedencia/lugar de procedencia*		consignatario/consignatario	
IDENTIFICACIÓN DO BUQUE PESQUEIRO/ IDENTIFICACIÓN DEL BUQUE PESQUERO: Nome/Nombre:			
Nº Rº comunitario do buque/NºRºcomunitario del buque:		Marcas externas/Marcas externas:	
Indicativo internacional*/ Indicativo internacional*:		Pavillón/Pabellón:	
Armador ou capitán/Armador o capitán:			
DESTINO DO PRODUTO/DESTINO DEL PRODUCTO:			
IDENTIFICACIÓN DO TRANSPORTISTA/IDENTIFICACIÓN DEL TRANSPORTISTA: Nome ou razón social//Nombre o razón social:			
NIF		Vehículo/Vehículo:	
MATRICULA			
IDENTIFICACIÓN DAS CAPTURAS/IDENTIFICACIÓN DE LAS CAPTURAS			
Especie (nome comercial)/ Especie (nombre comercial)	Especie (nome científico)/ Especie (nombre científico)	Kgr/Kgr	Zona de pesca ou cría/ Zona de pesca o cría:

*Só para buques de terceiros países/*Sólo para buques de terceros países

En de..... de 200..

Conforme: O TRANSPORTISTA/EL TRANSPORTISTA(SINATURA E DNI/FIRMA Y DNI)

ANEXO III



DECLARACIÓN DE RECOLLIDA
DECLARACIÓN DE RECOGIDA

NºSERIE:
Nº SERIE:

Desembarque-descarga/Desembarque-descarga:		Data/Fecha:		
Identificación do propietario/Identificación del propietario:				
Nome/Nombre :		Enderezo/Dirección:		NIF-CIF/ NIF-CIF:
Lugar/es de almacenamento/Lugar/es de almacenamiento:				
Referencia da folha de transporte-documento T2M/Referencia de la hoja de transporte-documento T2M:				
Buque pesqueiro/Buque pesquero:				
Nome/Nombre		Folio/Folio:		Nº Rºcomunitario do buque/NºRºcomunitario del buque:
Marcas externas/Marcas externas:		Indicativo Internacional*/Indicativo Internacional*:		
Pavillón/Pabellón:				
Armador o Capitán/Armador o Capitán:				
Especie (nome comercial)/ Especie (nombre comercial)	Especie (nome científico)/ Especie (nombre científico)	Zona de captura ou cría/Zona de captura o cría	Forma de presentación/ Forma de presentación	Peso kg/Peso en kg

* Só para buques de terceiros países/*Sólo para buques de terceros países

En de de 200.....

Sinatura do propietario / Firma del propietario

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 19 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, das táboas salariais para o ano 2004 do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector de edificación e obras públicas da provincia de Lugo.

Visto o acordo para a revisión das táboas salariais para o ano 2004 do convenio colectivo para o sector edificación e obras públicas da provincia de Lugo (código 2700255), asinado o día 31 de marzo de 2005, pola representación da *Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción de Lugo* (APEC) e das centrais sindicais MCA-UGT (36,0%), FECOMA-CC.OO. (50.0%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo

Esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da revisión do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto da revisión do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Disponer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 19 de abril de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Asistentes.

Representación sindical:

Por MCA-UGT co 36%:

Carlos García Vázquez.
José Seijas Rouco.
José Luis Combarro Infante.

Por FECOMA-CC.OO. co 50%:

Ángel Barreiro Pérez.
José Antonio Cabo Martínez.
Jesús Varela Lodeiro.

José Manuel Brea Méndez.

Por FCM-CIG co 8,5%:

Antonio Niño Saavedra.
Xosé Rios Cidrás.
Luis Vigo Lage.

Representación patronal (APEC):

Hipólito Trinidad Losada.
Ricardo Castro López.
Luciano Méndez Lodos.
Manuel Sánchez Varela.
José Bouso Alvite.

Asesora:

Pilar Díaz Rodríguez.

Na cidade de Lugo o 31 de marzo de 2005, reúnen-se os representantes das centrais sindicais e de APEC que á marxe se relacionan, e que integran a Comisión Mixta Deliberadora do convenio de edificación e obras públicas da provincia de Lugo, constituída o pasado día 23 de xuño de 2004, recoñecendo lexitimación e capacidade suficiente para negociar en razón á representatividade que teñen, adoptan os seguintes acordos:

1. Aplicación da cláusula de garantía salarial establecida no artigo 7 do convenio, que establece: no suposto de que o índice anual de prezos ao consumo (IPC) ao 31 de decembro de 2004 supere o 2% correspondente ao IPC previsto para o 2004 nos orzamentos xerais do Estado, efectuarase unha revisión económica no exceso do respectivo tanto por cento con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2004, conforme se establece no vixente acordo sectorial nacional.

A dita revisión, se é o caso, afectará os conceptos previstos no artigo 6 deste convenio.

2. Apróbase a táboa que se xunta esta, aboándose os atrasos de retribucións en aplicación da referida cláusula de garantía salarial, no mes seguinte á publicación deste acordo no BOP ou no DOG. Aquelas empresas que aboasen cantidades á conta, aboarán unicamente as diferenzas que resulten de aplicación.

3. Autorizar expresamente a asesora da comisión negociadora Pilar Díaz Rodríguez para que se dirixa á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Galicia en Lugo para o seu rexistro e envío ao DOG e o BOP.

E en proba de conformidade asinan esta acta os integrantes da comisión mixta deliberadora, excepto a central sindical FCM-CIG, que non asiste, no lugar e a data indicados no encabezamento.